ANO XII
Nº 383 do 29 de marzo ó 12 de abril de 1992
– 100 Ptas –

IRIMIA

REVISTA QUINCENAL DE CRENTES GALEGOS

2 de abril: folga xeral

¡Un berro de dignidade!

EDITORIAL

A Igrexa nos tempos de folga

Velaí témo-la folga xeral. Aí a está con toda a súa carga de contundentes razóns. Aí a está coma un berro a prol dun futuro para esta terra. Aí a está con todo o seu apoio social. ¿Falarán os bispos?

Para entendérmo-la postura eclesiástica actual sobre a cuestión social, cómpre non perder de vista certas imaxes. Hai unha ben recente e reveladora: ¿Que significado ten que o superbanqueiro Mario Conde sexa presentado en "sociedade vaticana" coma promotor dun diálogo nada menos ca sobre ética e capitalismo?

Non se trata dun feito illado. Máis ben parece que en boa parte da xerarquía hai un casorio mental co chamado pensamento neoconservador, pensamento este nacido e medrado ó acobillo da administración Reagan. Preocúpalles a estes neoconservadores salvar a toda custa o capitalismo ó que consideran, a pesar das aparencias, seriamente ameazado, non dende fóra, senón dende dentro, por unha crise moral ou de valores.

Efectivamente, o pracer fácil, a satisfacción consumista de toda necesidade, o hedonismo que produce unha "economía do desexo" (Daniel Bell), socava os alicerces do que foi o espírito do capitalismo dos primeiros tempos: austeridade, aforro, laboriosidade. Para salva-lo capitalismo, precísase dunha "axuda espiritual", e non dubidan en buscala na Igrexa Católica, sen desprezar calquera secta que cadre a man.

A voz da Igrexa está atravesada por dous discursos: un de profecía e apertura ó futuro e o cambio, e outro entrampado pola estratexia neoconservadora. O primeiro pon en cuestión o "paraíso capitalista", a profunda desigualdade planetaria na que asenta, o consumismo e o estrago da riqueza,... e aposta pola autoxestión obreira, pola primacía do traballo sobre o capital, polo dereito das rexións empobrecidas a un desenvolvemento sen dependencias. O discurso neoconservador trata de lavarlle a cara ó capitalismo, mal menor con pequenos vicios sen importancia, perfeccionable cunha moral individual e ata cunha espiritualidade da "sa competencia".

A Igrexa galega participa desta dobre linguaxe. Agora, fronte a un futuro escuro e unha discriminación de Galicia, as organización obreiras e labregas teñen o protagonismo. ¿Falará a Igrexa? ¿En que idioma?

O TRASNO

Daniel López Muñoz

Alá vai o día da muller

Co da celulite, o colesterol, a *esteticiene* esa e o ximnasio, dígoche que andamos coma motos.

O caso é que primeiro foi a dictadura do machiño patriarca que nos tiña domesticadas e caladiñas coma santas por aquelo de que a muller e a sardiña na cociña. Traballo nos levou o de ceibarnos de tanto falso protector e demostrar que, en cuestión de oficios e traballos, o que poden uns, podémolo outras tan ben ou mellor. E velaí que cada día somos máis as que andamos sometidas en pé de igualdade ó mesmo xugo laboral cós nosos compañeiros.

Despois veu outro cantar. Descubrimos, pampas, que o tal compañeiro cambiara de etiqueta, pero non de calidade: de volta á casa os dous tralas oito horas diarias de realización persoal no posto de traballo, seguía a se-lo amo e señor a quen había que cociñar, coida-los fillos, respecta-lo futbol, lava-la roupa e ter contento. E dixemos aquelo de "non á dobre explotación". E traballo custou que a cousa fose empezando a querer, paseniñamente, ter certas trazas de dispoñerse a cambiar, anque, eso si, a modo. E non pensedes que os *progres* de café, tertulia, e fácil verba foron os máis inclinados a convetérense en compañeiros.

Pero agora, cando aínda a penas conseguimos acceder ós empregos menos apetecibles vencendo a tiranía do patriarca. Cando a penas empezamos a albisca-la posibilidade de converte-la familia nunha comunidade igualitaria vencendo a dobre cara do compañeiro de marras. Agora, xustamente, mira ti, quedamos apreixadas pola dictadura da perfección corporal, do estilazo "iupi", do tipazo Kim Basinguer, da cirurxía estética con silicona (que non se pon precisamente onde o seu nome indica), da ximnasia activa e pasiva, etc., etc., etc.

Agora disque hai que estraga-lo tempo e os cartos, que para algo os gañamos, en liberarnos da nosa natural fermosura, da redondez graciosa, do nariz irrepetible, do gozo de aceptarnos como somos. A nova dictadura impón as súas tallas e medidas e vólvenos cosméticas, ansiosas e avinagradas. Unha nova loita empeza.

IRIMIA

EDITA: Empresa periodística A IRIMIA.

DIRECTOR: Victorino Pérez Prieto, 27870 Xove (Lugo) Teléfono 59 20 28. Fax: 982 - 59 27 04 IRIMIA

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Muñoz, Xosé Chao, Mariano Guizán, Luciano Pena, Carmen Puente, Beatriz García, Xabier Losada, Manolo Regal, Severino Gestoso, Manoli Paz Baña.

COLABORADORES: Xosé A. Miguélez, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopeña, Gumersindo Campaña, Tereixa Ledo, Colectivo "A Rella" (Antonio Fdez. Oca, Eliseo Miguélez, Constantino Mariño, Tonecho Meixide Fdez.) Juan Antonio Pinto Antón, Francisco Carballo, Tintxu, Miguel Anxo Araújo, Xavier R. Madriñán, Lois Ferradas, Madó Domínguez.

SECRETARÍA E ADMINISTRACIÓN: Apdo. 980 - Santiago de Compostela. Telf.: 981 - 59 01 42 (De 3 a 5). Subscrición: 2.000 pts. De apoio: 3.000 pts.

CONTA: Caixa de Aforros de Galicia, CC/304-316-001.073-1 Urbana nº 2 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81

IMPRIME: Imprenta Minerva

Manolo Regal
Victorino P. Prieto

Unha palabra sobre a confesión

Unha palabra sobre a confesión

Estamos falando nesta páxina nos últimos números de IRIMIA de como na Igrexa tódolos crentes temos unha palabra que escoitar e unha palabra que dicir sobre moitas cousas. Tamén estamos falando de que non a dicimos, por preguiza ou porque non nola deixan dicir. Hoxe queremos aplicar isto a unha realidade que en tódalas parroquias estamos vivindo nestes días da Coresma: a Confesión.

Un diálogo de xordos

Sobre a Confesión como un sacramento para perdoa-los pecados, todos temos certa experiencia; en moitos casos a experiencia é negativa, polo menos sobre a forma concreta de a realizar. Queixámonos de como era o cura tal que me confesou; argumentamos de quen é o cura para se meter na miña vida privada; dicimos que a Confesión faise con Deus, e chega; ou, simplemente, non confesamos co cura nunca.

As autoridades da Igrexa seguen a insistir na necesidade da Confesión individual co cura para que a un se lle perdoen os pecados graves. E parece que se dá algo así coma un diálogo de xordos.

Andar en comunidade

Cando un anda en comunidade, en Igrexa, comprométese a face-las cousas comunitariamente, incluído o recoñecemento do pecado propio e o correspondente perdón. Iso quere dicir que un ten unha moral contrastada na comunidade; que un acepta as correccións e os ánimos que dela lle poden vir; que a través da comunidade a un lle chega a certeza posible do perdón de Deus, etc.

Como se ve, todas estas cousas pódense dar dentro dunhas celebracións do perdón moi diferentes. As autoridades da Igrexa parece que queren obrigar a que estas cousas se vivan a través dunha única maneira de confesarse, a máis tradicional, cun cura, contando pecado por pecado, etc.

Desde a sinceridade podemos reivindicar formas novas de vivi-lo arrepentimento e o perdón.

Unha voz que se debe escoitar

Se confesarse así lle axuda ó lector, adiante; sabendo que ten tamén a obriga de axudar ós outros cristiáns na celebración do seu arrepentimento e perdón.

Pero se confesarse así lle repugna ó lector, creo que non fai nada malo se renuncia a ese modo de Confesión e reivindica outras formas posibles de facelo. Coma membro da Igrexa ten dereito a que a súa palabra se escoite; e para que se escoite, ten que a pronunciar; e esta protesta práctica quizabes hoxe sexa o único modo que ten de o facer.

Eso si, porcurando examinar ben as razóns dos propios comportamentos; porque, ó mellor, baixo a aparencia de protestar por unha forma de Confesión que a un non lle parece a máis axeitada, de feito estamos negándonos ó recoñecemento dos nosos erros e ós camiños de avance e melloría. E iso si que xa non sería nada cristián.

REMOENDO O EVANXEO

Coresma: a paciencia de Deus que agarda a nosa conversión

Cuarto domingo (29 de marzo)

"Deus reconciliounos consigo por mediadión de Cristo e encargóuno-lo mester da reconciliación consigo, non pedíndolles ós homes contas dos seus pecados" (2 Cor 5, 17-21).

"... Pero o pai díxolle ós criados:
—... Fagamos hoxe todos festa, pois este meu fillo estaba morto e rexurdiu, estaba perdido e apareceu" (Lc 15, 1-32).

¡Que mal entendémo-lo perdón de Deus!: Máis amor ca "xustiza". ¡Que traballo nos custa anunciar que o amor regalado de Deus é máis importante cá xustiza que castiga! Quizais temos medo ó "desmadre"... Pero Deus sabe que só pola liberdade e a caída vai medrando o home e acollendo o amor regalado.

Quinto domingo (5 de abril)

"Así di o Señor:
—Non vos andedes lembrando tanto do pasado... Mirade que estou realizando algo orixinal e novo" (Is 43, 16-21).

"Díxolles Xesús:
—Quen de vós estea sen pecado, tire contra ela a primeira pedra. [E logo díxolle á muller]:
—Eu tampouco te condeno, vaite, e de aquí en diante non volvas pecar máis" (Xn 8, 1-11).

Alfonso Blanco Torrado

OS VI ENCONTROS DE EDUCACIÓN POLA PAZ que teñen lugar en Santiago (27-29 de marzo) bríndanno-lo primeiro léxico ecopacifista do que é autor Calo Iglesias. É unha boa nova, pois case que non hai ferramentas nin material para traballar sobre estes temas en escolas nin en grupos.

A PRESENCIA DOS XUDEUS EN GALICIA ten vestixios desde o século IV, aínda que foi no auxe do Camiño de Santiago cando afincaron coa súa teima comercial e negociante en moitas cidades e vilas, ata a súa expulsión hai agora cincocentos anos (31-III-92). Houbo sinagogas en Allariz, A Coruña, Ourense, Ares, Sobrado, etc., e sempre viviron nun clima de boa convivencia cos restantes cidadáns. Cando xurdiron as persecucións, moitos se converteron ó cristianismo, e Galicia foi o refuxio de moitos xudeus procedentes doutros países. A Inquisición tamén fixo aquí estragos, aínda que non tantos. Ribadavia aínda hoxe conserva certo sabor no seu barrio xudeu; polo século catorce a metade da súa poboación era xudía.



A PRIMAVERA convida ó contacto coa natureza e en moitas das nosas comarcas estanse artellando saídas e excursións, así o Colectivo de Educación Medio-ambiental da Coruña (tlf.: 521075) ten montada unha ampla actividade ecoloxista para a Semana Santa centrada no Campamento da Devesa, e que escomenzará cunha exposición de Xan Muras do que reproducimos a súa fotografía "Silueta".

DESPREZO POLO NOSO IDIOMA é o que se pode aprezar en moitas actitudes dos medios de comunicación que tiñan que dar exemplo: a RTVG; presentando cada vez máis publicidade en castelán, espacios nesa lingua, e sobre de todo entrevistas en castelán. Así circula unha orde pra que se fagan en castelán as preguntas a aqueles que o pidan, coartando a liberdade e a creatividade dos profesionais que viñan entrevistando no noso idioma. Por outra banda, o emprego do noso idioma en moitos programas non é o máis axeitado nin moito menos.

IRIMIA

Recorta e envíanos a: IRIMIA Apdo. 980 - SANTIAGO

Quero subscribirme a IRIMIA

(Subscripción por un ano: Normal: 2.000 pts ☐
De apoio: 3.000 pts ☐ (1)

Nome _____
Rúa ou parroquia _____
Cidade ou concello _____ Código postal e provincia _____

BOLETIN DE DOMICILIACIÓN (Só para os que queiran domicilia-lo pago)

Banco ou Caixa de Aforros _____
Domicilio da Sucursal _____
Vila ou cidade _____ Provincia _____
Titular da cta./libreta _____
Nº cta. ou libreta _____
Sírvase de atender ata novo aviso, e con cargo a miña conta, os recibos que ó meu nome lles sexan presentados para o seu cobro por IRIMIA.

En _____ a _____ de _____ de 199 _____

(1) Sinalar cun (x) Atentamente



Catedral. Cimborrio.(Ourense)

ÓS ARQUIVOS E BIBLIOTECAS DE MOITAS CATEDRAIS E MOSTEIROS úrxenlles axudas e asesoramentos para a conservación de moitos dos documentos que gardan, que nalgún destes centros nin sequera están catalogados... Só na Catedral de Ourense hai preto de cento vinte mil pergamiños e sesenta mil documentos para ser estudiados.

O CÓMIC ESTÁ CONSIDERADO COMA A NOVENA ARTE por moita xente, e coma instrumento importante para a comunicación. Agora un grupo de traballo 'K.O. Comics" vén ofrecendo pra asociacións, vilas e concellos, un prometedor traballo "Achegamento ós cómics" a través de vídeos, exposicións, conferencias, mesmo confección de cómics para a súa aprendizaxe. Tamén no Ateneo de Ferrol estase a dar un curso tódolos martes destes meses sobre esta arte.

A EUROPA EN GUERRA, polos Balcáns e o Cáucaso, é a imaxe sinistra deste tempo. A guerra da extinta Iougoslavia xa dura máis de seis meses con máis de seis mil mortos. As liortas de Nagorno Karabaj teñen un saldo de máis de mil mortos... Xeorxia, Moldavia, Osetia do Sur, etc., tampouco están libres de conflictos. Moitos estanse aproveitando desta clarificación de etnias e nacións; así, as forzas da ONU atopan moitos atrancos para poder facer algo en Bosnia-Herzegovina, onde un 45% son musulmáns, un 30% son serbios e un 17% croatas, estes maiormente católicos.

UN INVERNO MOI SECO que sufriron sobre de todo os nosos agros, volveu trae-lo tema do tempo a tódalas tertulias e conversas; a verdade é que a temperatura media da terra está a medrar 0,3 graos cada dez anos, o que está levando a un clima cada vez máis seco, sobre de todo no sur... No noso país, as primaveras case que non existen, e este ano todo o mundo agarda que "abril augas mil" sexa unha realidade, aínda que a chuvia veña máis ben coma orballo maino, e non esas chuvias torrenciais que moitas veces aparecen despois de grandes secas, coma por exemplo en California.

A ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA vén denunciando a falta de información ó cidadán sobre prevención nun país coma o noso no que ocupamos o primeiro posto en morte por cirrose, e salientamos en accidentes de tráfico, cáncer de pulmón, e nais solteiras que perden os seus fillos nos derradeiros meses de xestación. A saúde depende moitísimo de infraestructuras: medio ambiente, traídas de auga, hixiene nos fogares, alimentación, cultura, etc.



OS INMIGRANTES son unha das tarefas máis duras para o futuro de Europa. Mesmo en Galicia están a chegar procedentes de Portugal, de varios Estados de Sudamérica ou de África... Moitos inmigrantes non puideron amaña-los seus papeis e viven nunha situación límite. Os africanos chegan aquí escapando moitos deles de guerras ou dictaduras. A situación desta península, coma ponte entre Europa e África converte ós inmigrantes en veciños, ós que non podemos seguir desprezando; o ano pasado só se regularizou a situación de sesenta mil oitocentos setenta e dous destes inmigrantes.



SARGADELOS

GALERIAS DE ARTE

LIBROS

CERAMICA

27891 CERVO (Lugo)
Teléf.: 982 - 55 78 41
Fax: 982 - 55 78 04

O CASTRO DE SAMOEDO
15168 Sada (A Coruña)
Teléf.: 981 - 62 09 37
Fax: 981 - 62 38 04

Rúa Nova, 16
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfs.: 981 - 58 19 05 / 58 18 88

Provenza, 274
08008 BARCELONA
Teléf.: 93 - 215 01 79

Zurbano, 46
28010 MADRID
Teléf.: 91 - 410 48 30

Habana, 20
32003 OURENSE
Teléf.: 988 - 24 98 28
Fax 988 - 249856

Dolores, 55
15402 FERROL
Teléf.: 981 - 35 37 14
Fax: 981 - 35 37 16

Pza. Sto. Domingo, 2
27001 LUGO
Teléf.: 982 - 22 78 04
Fax: 982 - 24 49 13

Dr. Cadaval, 24
36202 VIGO
Telf. 986 - 220050
Fax. 986 - 220474

OPINION

Eu ese día, paro

Por Mariano Guizán

Coido que non é costume moi saudable escomenza-lo día escoitando os informativos da radio mentres almórza-la diaria cunca de leite con pingas de café.

Regulacións de emprego, fracasos da ZUR, fracasos do ZID, problemas de pesca, trens que non chegan, trens que se van... zóanche nos oídos, bátenche no peito, énchenche de carraxe o leite, e xa che levou o demo o día.

É Galicia que se esfarela. E non creo que sexa só unha impresión producida polo cabreo da madrugada a golpe de espertador.

Porque en Galicia, onde *máis de 11.000 familias malviven en vivendas miserentas*, vénse perdendo poboación dende hai case cen anos. E a poboación galega, cada vez máis avellentada, mingua en capacidade de iniciativa e en influencia no conxunto do Estado.

En Galicia, con *750.000 persoas analfabetas ou case-analfabetas*, o número de alumnos matriculados en Bacharelato e na F.P. —e moito menos na Universidade—, está por debaixo da media española.

Ningunha das provincias galegas chega ó grao de desenvolvemento da economía española. A agricultura coloca ó noso país no nivel máis baixo de productividade. A gandería é decimada polas directrices da CEE. A reconversión apunta á desaparición, sen destino coñecido, de cen mil agricultores nun prazo de catro anos. A industria galega é cada día menos importante. E baixa a actividade da construcción.

En Galicia, onde crear un posto de traballo vén custando uns dez millóns de pesetas, *destruíronse douscentos mil empregos nos últimos dez anos*. O paro segue a medrar a cotío dende hai seis meses. E só a metade dos parados cobran o subsidio de desemprego.

Ademais, *cada dous días morre un galego en accidente laboral.* E andamos en máis de cincuenta mil deses accidentes ó ano.

Desaparecen os investimentos estanxeiros. *Regatéanseno-los fondos da CEE para o Desenvolvemento Rexional.* A banca oficial baixou á metade os xa escasos créditos. E a implantación do Mercado Único vai limitar aínda máis os investimentos estatais na nosa terra, en beneficio de comunidades máis desenvoltas.

Tamén, os salarios e as pensións veñen sendo en Galicia máis baixos ca no resto de España. E, en dez anos, perdémo-los galegos un 6,7 por cento de poder adquisitivo.

Galicia está á cola de España en gastos sanitarios, pero ten un aumento de enfermos de tuberculose por enriba da media española. E estamos á cola en servicios telefónicos. E son deficientes o ferrocarril, e a electrificación, e correos. Pero vai a máis a degradación da paisaxe, e a contaminación das rías, e a destrucción do patrimonio arquitectónico...

E aínda hai quen anda a sementar confusión, amedrentando ó persoal con que se a *Folga Xeral do día 2 de abril* é ou non é unha folga política. Cando, precisamente, o que se bota en falla neste país é POLÍTICA. Política clara e decidida a para-la desfeita. E hai que esixila con forza e con dignidade.

Por iso; para coñecemento de quen corresponda, eu, aínda que sexa eu só, eu, ese día, paro.

Xavier R. Madriñán

A desfeita cultural

A desfeita cultural

A conquista de América non supuxo soamente a ocupación do territorio e o sometemento da poboación indíxena; houbo tamén unha auténcia e destructora *conquista cultural*. Se, nunha ansia ocultadora, hai unha tendencia a esquece-lo xenocidio cometido cos indios, é claro que a penas se menciona o estragamento intencionado das culturas precolombinas, ou anteriores a Colón, polos que se presentaron coma novos amos. É costume europeo que aínda pervive —tal vez máis forte ca nunca— o de xulga-las outras culturas —*diferentes*— con criterios de comparanza coa nosa, para así considerármolas coma *inferiores*. Non hai tal: simplemente son *distintas*, nin mellores nin peores; son as propias de cada pobo, e o seu dereito a conservalas é sagrado.

As culturas precolombinas

Non existía, sen dúbida ningunha, unha civilización común en tódalas terras americanas antes de 1492. Coma moito, os historiadores enumeran certos trazos culturais compartidos pola maior parte daqueles pobos. Cando chegou Colón, nalgunhas rexións o grao de desenvolvemento cultural era considerable: sabemos dos avanzados coñecementos que en cuestións agrícolas, médicas, astronómicas ou arquitectónicas posuían os maias, os incas ou os aztecas. Mentres tanto, noutras zonas, en total desconexión con estes adiantados pobos, vivíase dun xeito moito máis primitivo. Pero o atraso con respecto a outra non desculpa a aniquilación dunha cultura.

Falsificacións interesadas

A implantación da dominación opresora sobre as xentes americanas obrigou a buscar argumentos xustificadores. Os indios foron presentados con frecuencia coma seres de natureza animal, carentes de alma e, por tanto, inferiores, destinados á submisión. As culturas indíxenas foron desfiguradas nas descricións que chegaron a Europa, atribuíndoselles ós nativos perversións, vicios e costumes abominables.

A cidade inca de Machu Pichu, nos Andes peruanos

Os indios foron acusados de idólatras e de estaren baixo poderes demoníacos exercidos por feiticeiros que celebraban "prácticas infernais". Aínda que constituían fenómenos illados, culpouse a tódolos pobos de canibalismo e de realización de sacrificios humanos. Nugalláns, mentireiros, ingratos, ruíns... Chamóuselles de todo. Pero o que os españois puxeron coma a maior das vergonzas, coma o crime por excelencia, foi a suposta homosexualidade daquelas xentes, que, falsamente, consideraron xeneralizada. Conquistador famoso houbo que ordenou por iso queimar vivos e lacerar polos cans a ducias de inofensivos rapaces.

Aqueles *selvaxes* non tiñan dereito a impedi-la presencia española nas súas terras nin a negarse a rexeita-la *superior* civilización que se lles impoñía.

Un exemplo de censura

A colonización española non se conformou con deforma-lo carácter das civilizacións indíxenas: impediu a difusión da verdadeira realidade cultural daqueles pobos. Significativo resulta o caso de frei Bernardino de Sahagún, que, impresionado pola sabedoría que descubriu entre os aztecas, aprendeu a súa lingua e recolleu por escrito os seus costumes e a súa historia.Pois ben, como os resultados non cadraban cos intereses da Igrexa, desapareceron misteriosamente os tres manuscritos que fora enviando a España. Chegoulle a morte cando compoñía —ós noventa anos— por cuarta vez a súa narración. Ata os nosos días non se fixo unha edición digna da extraordinaria valía da súa obra.

Culturas esmagadas

As culturas indias foron apisoadas para facer posible a implantación do dominio colonial. Foron asasinados inofensivos *sabios* e *sacerdotes* indíxenas e destruídos os seus manuscritos. Mesmo na actualidade os indios sofren a dor de veren as súas culturas desprezadas, as súas linguas prohibidas nas escolas, as súas relixións perseguidas, as súas crenzas ridiculizadas. Porque non houbo *encontro de culturas*, senón enfrontamento e desprazamento dunha delas. Recoñezamos, polo menos, a súa dignidade.

Pirámide azteca

Galicia un po

"E din que fan todo es

Corenta mil (40.000) postos de traballo perdidos nos últimos sete anos. Dez mil só nos seis primeiros meses do ano pasado, froito dos 520 expedientes de regulación de emprego e os peches de empresas en crise. Eliminación... "laboral" de 175.000 labregos, etc. Nin os máis pesimistas agoreiros do nacionalismo máis radical, nin os trasnos máis críticos desta revista tan "parcial", podían supor hai uns anos que o impacto da CEE ía ter tal gravidade para Galicia, cando Eliseo Miguélez escribía na pequena IRIMIA, que con tal evento os labregos galegos ían ser "condenados a permanecer ananos". "E din que fan todo eso no nome do progreso", escribía xa o Manuel María hai uns anos, e cantábano os "choróns" da Quenlla. Aínda no caso de que tivesen razón os economistas neoliberais e os flamantes políticos que nos desgobernan ¿que se vai facer con "excedentes" laborais, agora que esa "mercancía" xa non se pode mandar a Alemaña ou á Arxentina?

O 2-D: Galicia existe e resite

Ese memorable 2 de decembro, dous meses antes da Candeloria..., "toda a Galicia do clamor e a esperanza" estaba na praza do Obradoiro, como comenzaba Manolo Rivas a lectura do impresionante Manifesto elaborado polos sindicatos e organizacións agrarias galegas. Ata Fraga apoiaba a manifestación desde Lisboa. Claro que os que estaban na praza berraban: "Felipe en Israel, Fraga en Lisboa e nós no paro".

Aquelo parecía a Santa Compaña. "Todos por Galicia", desde o cortexo fúnebre das empresas en crise (Bazán, Astano, Barreras, Cordelerías Mar, Refrey, ENCE, ELNOSA, EXIMESA,... Os de Ascón xa non estaban porque xa lle fixeran o funeral e mailo cabodano había tempo) ata os labregos da Terra Cha, a Limia e demais, que esixían algo tan "absurdo" coma "queremos vivir dignamente dos nosos recursos". Mesmo os mozos estudiantes, con tanta fama de pasotas e apolíticos, berraban: "Obreiros e estudiantes, xuntos adiante". No ambiente frotaba a idea da folga xeral, que polo de agora está marcada para outro día 2, este de abril, dous meses despois da Candeloria.

Ferrol: tres veces máis de taxa de parados que na CEE

Na Santa Compaña do 2-D/91 había un grupo máis numeroso que os demais, eran os da comarca de Ferrolterra, que, se todos tiñan razóns para berrar, eles tiñan máis: a súa taxa de paro duplica a de Galicia, o 33% fronte ó 15,8%. ¡18.000 parados!, que son moita xente folgando xunta. Estes xa tiñan práctica no das manifestacións e as folgas; mesmo xa fixeron o seu ensaio de folga xeral o 17 de decembro.

Por se a alguén lle parece que avultámo-las cifras, por aquelo de poñe-las cousas máis mouras e "agudiza-las contradiccións", coma dicía o miñaxoia do Carlos Marx. Aí van algunhas contas. A reconversión naval de ASTANO e Bazán deixou sen emprego no conxunto da comarca a máis de 14.000 obreiros. Deles 6.000, ou máis, na pequena e na mediana empresa e no sector comercial, postos de traballo dependentes dos grandes estaleiros.ASTANO chegou a ter en plantilla no ano 1980 a máis de 6.000 obreiros fixos e outros 2.000 en empresas auxiliares; estes 8.000 quedaron reducidos dez anos despois a 1.700, con tendencia á baixa.

Cando hai semanas, os mineiros asturianos convocaron a folga xeral, toda Asturias respondeu, incluso a Igrexa por boca do seu arcebispo. Estes obreiros galegos que enchen as escaleiras da catedral compostelana constitúen un desafio á nosa Igrexa e ós seus reperesentantes.

Non é de estrañar que a poboación ferrolá descendese en 5.000 persoas entre 1981 e 1991. E non baixou máis porque o alcohol e as drogas aínda terman dalgúns boiando polas rúas...

¿Que remedios puxo o Goberno? Pois falou primeiro da ZUR (Zona de Urxente Reindustrialización), logo cambioulle unha letra e falou da ZID (Zona de Industrialización en Declive), e logo rizando o rizo ilusionou ós ferroláns coa SIV (unha fábrica italiana de vidro). Pero todo eran contos e quedaron en nada.

Vigo: un cortexo de empresas en crise

Vigo é máis grande e ten máis

ɔo que resiste
ɔ no nome do progreso

choio, pero a reconversión naval, industrial e pesqueira foi afacéndonos a ver unha serie de nomes nas listas mouras das empresas pechadas ou en crise. Un longo repaso familiarizaríanos co drama de miles de traballadores sen emprego.

No sector naval, un sector tradicionalmente potente en Vigo polas súas cualidades idóneas para el, e a súa tradición na industria naval e pesqueira. Tralo peche de ASCON, o estaleiro máis importante do sector, que tiña a comezos dos 80 máis de 2.000 obreiros, viñeron os recortes nos demais. Barreras, o segundo en importancia, que está hoxe nas mans do INI, ten agora a metade da plantilla en regulacións temporais, e o seu comité de empresa opónse á privatización pois témese unha forte reducción de plantilla. Outros coma Vulcano, Freire e Santo Domingo, viron reducidas as súas plantillas á metade nos últimos tempos, e as que teñen traballo están suxeitas actualmente á regulación de emprego nun 50%.

O sector industrial ten os casos do grupo de empresas Mar, que está a piques de deixar na rúa a 500 obreiros. As empresas Álvarez, reprivatizadas recentemente, queren reduci-la súa plantilla de 600 obreiros á metade. Mesmo a poderosa Citroën, que fixo grandes esforzos de modernización, rescindiulle o contrato a 600 operarios temporais. E hai máis...

O sector pesqueiro ten ó 75% da frota amarrada no peirao porque non poden saír faenar a causa da reducción de licencias de pesca. O que afecta ás numerosas fábricas de conservas e conxelados.

E tamén...

Na Coruña hai ameaza de peche ou reducción de plantilla en empresas coma Santa Bárbara, PEBSA (Pesquerías Españolas de Bacallau), TELETTRA (antes INTELSA). Xa falamos en IRIMIA do peche de SIDEGASA, CROS, MAFRIESA...

En Lugo comezou o ano co peche das minas de ENSIDESA, que supuxo 350 empregos menos, ameazas de reaxustes de plantilla en Alúmina-Aluminio, a pesar do ben que vai esta empresa (menos obreiros, anque signifiquen menos producción, sempre resulta un balance rendible, e os capitalistas botan as súas contas).

En Ourense teñen o conflicto de Labauto, a multinacional francesa que mercou Citroën nesta cidade, que vai deixar na rúa a polo menos 150 operarios.

O CARRABOUXO por Xosé Lois

¿E os labregos?

Fo... fastidiados, coma sempre. Tras poñerse no camiño da modernización das súas empresas nos anos 80, enchéndose de créditos ata as orellas, cústalles "fabrica-lo" litro de leite entre 35-40 pts., e algúns véndeno ¡a 25 pts.!. Ou sexa, que máis lles val comelo, que lles ha aproveitar máis, o malo é despois paga-lo censo e vestirse. Haberá que volver ó autoconsumo. Sobre todo despois da "chegada dos normandos" (a multinacional francesa Union Laitière Normande que mercou o grupo LARSA, coa complicidade da Xunta, e controla tamén COMPLESA e LEYMA).

Dicía un economista hai unhas semanas en "A Nosa Terra", Martín Khor, falando da inxustiza do mercado libre —que nos din que é o remedio de tódolos males económicos— que poñer ás explotacións familiares ou ás pequenas cooperativas a competir coas multinacionais é coma "poñer un neno africano que leva dous días sen comer, a correr con Carl Lewis".

Con razón escribía Camilo Nogueira hai uns días na prensa que "necesitamos unha alternativa que comprenda en 1992, que o Estado español nunca foi para Galicia un factor de modernización nin un apoio solidario". E o que queira oír que oia.

Victorino Pérez Prieto

PLAN DE RECUPERACION DOS RIOS

AXUDANOS A MELLORA-LO MEDIO AMBIENTE

**O medio ambiente necesita a túa participación.
Todos temos moito que dicir para atalla-la
degradación da natureza.
Axúdaa respetándoa**



XUNTA DE GALICIA

Conselleria de Agricultura, Gandería e Montes

Marrocos: ¿un acordo "soamente" pesqueiro?

"Esperamos, Sr. Presidente, que por parte da CEE se arbitren tódalas medidas necesarias para dar solución a esta preocupante situación, de tal forma que a nosa frota poida retornar pronto a súas faenas habituais".

Así remataba o escrito que o 18 de xaneiro de 1988 enviaba a CEAPE (Confederación Española de Asociacións Pesqueiras) ó Presidente da Comisión das Comunidades Europeas en Bruxelas, no que a parte empresarial pesqueira presentaba as súas alegacións, perante a falla dun acordo que lles permitise faenar nas augas da franxa Canario-Sahariana.

Por fin, o 25 de febreiro daquel mesmo ano, a CEE e o Reino de Marrocos chegaban a un entendemento, e a partir do 1 de marzo, o problema tiña solución... para catro anos.

O acordo

Afectaba a uns 700 barcos do Estado Esp

añol, 30 portugueses e a moi poucas unidades pesqueiras máis dos outros países comunitarios.

No mesmo cifrábanse unhas cantidades a pagar en ECUS, segundo tonelaxe, tipo de pesca ou zona, ou aumento progresivo anual. Unhas paradas biolóxicas ou épocas de veda dun mes ó ano. A presencia de pescadores marroquís nos buques, entre dous e tres tripulantes segundo a tonelaxe, amais dun observador (inspector, tamén desta nacionalidade para os buques máis grandes), e tamén a obrigatoriedade de pasar inspeccións técnicas nos portos deste país africano, entre outras medidas máis técnicas de complicada explicación nestas liñas.

O acordo foi considerado caro e malo polos nosos armadores, pero polo menos permitiu continua-la actividade pesqueira.

O Parlamento Europeo dicía ó respecto nun dictame publicado en abril daquel 1988 no seu punto 24, "Antes de proceder a este exame, convén lembra-la visión xeopolítica do Rei Hassan II, que considera que Marrocos é a prolongación natural de Europa en África. Cabe lembrar que a distancia entre Xibraltar e Tanxer só é de 13 quilómetros, en comparación cos 21 quilómetros que separan Calais de Dover.

Marrocos séntese atraído por Occidente, por Europa, e neste sentido, o Rei Hassan II presenta a solicitude de adhesión do seu país á Comunidade. A Comunidade non está actualmente disposta, por numerosas razóns, tanto políticas coma económicas, a acoller ó Reino de Marrocos no seu seo. ¿Pode acaso negarse a manter relacións cun país que desexa cooperar con ela? A resposta é obrigatoriamente negativa.

Marrocos

Despois do antedito, faise bastante complicado falar do *veciño* do Sur. Pero algunhas cuestións pesqueiras e non pesqueiras, están neste marzo épico/bochornoso do 92, suficientemente clarificadas. Vexamos:

Na década dos "60", Marrocos extende ata 12 millas ás augas territoriais, á vez que crea a Oficina Nacional de Pesca.

Nos "70", as 12 millas pasan a 70, e unha marcha que algúns entenden *verde* e na que outros ven *barras e estrelas* alonxa ó Estado Español dunha das zonas pesqueiras máis importantes do Planeta, na que galegos, andaluces, canarios e levantinos, buscan sustento para si, as súas familias, e unha cantidade sen cuantificar pero grandemente significativa de traballadores en terra.

Chegan os "80", e a Zona Económica Exclusiva das 200 Millas. Concédese prioridade nacional ó sector da Pesca Marítima e créase o Ministerio de Pesca Marítima e da Mariña Mercante.

Así as cousas, un País que consciente das suas riquezas pesqueiras, aumenta día a día o seu número de buques, á vez que potencia os seus portos de descarga. Cunha poboación precisada de recursos alimenticios, e uns veciños do Norte (nós) importadores pesqueiros natos. Atopa Marrocos un claro vieiro cara ó desenvolvemento económico e social.

¿E o acordo pesqueiro?

Nun principio poderiamos dicir que este tipo de acordo xa soamente existe no relembro. A pesca como tal, está dentro dos recursos económicos de países (en moitos casos do Terceiro Mundo) que tratan loxicamente de lograr outra serie de vantaxes e intercambios. E Marrocos, non podería ser menos. Resultando así que este veciño do Sur, trata de achegarse á Comunidade Europea de tódalas formas posibles (e non esquezamos que Francia, o seu principal proveedor/cliente, pode facer de cordón umbilical, co defecto que ten poucos intereses pesqueiros). Pero é que, ademais, Hassan II é o baluarte da omnipotente USA na zona (entendendo por tal, tódolos territorios agás Israel ata o Tigris e Eufrates). E por se todo isto fose pouco, pode presentarse coma a barreira occidental (¿?) contra ese —para algúns nefasto— integrismo islámico.

Estando así as cousas, pensar que o próximo Acordo será beneficioso para os nosos pescadores é pura utopía. Utopía que se desfai entre as noticias de esixencias xa filtradas, e tendo en conta ese "escuro obxecto de desexo" europeo, que se atopa ó Sur do paralelo 36 (Pta. Tarifa).

Tampouco poderemos racha-las vestiduras ante o que ha de vir, pois o informe do Parlamento Europeo xa citado, dicía hai catro anos no seu antepenúltimo punto: "Finalmente, o acordo de Pesca entre a CEE e Marrocos é importante para a protección do emprego na Comunidade, xa que se calcula que 150.000 persoas polo menos, en tódolos sectores da actividade, dependen de dito acordo. Mais a Comunidade debe ter en conta a vontade de Marrocos, de explotar algún día pola súa conta os seus recursos haliéuticos, ou pesqueiros, o que significa que a parte concedida ós barcos estranxeiros irá recuando..."

E que conste que o que escribe non ten nada contra as laranxas que moitas veces cargou en Casabranca.

Severino Gestoso

PROPOSTAS ¿UTÓPICAS?

Edificios en construcción, rúas novas, asfaltados e melloras.. un pobo que parece posto patas arriba, o concello hoxe. Pregunta inevitable ¿para ben ou para mal? Creo que toda mellora na calidade de vida sempre é ben recibida, pero non hai que confundir calidade de vida con asfalto, coches, formigón, grúas, ruído... Este pequeno artigo quere ir na procura dun novo xeito de entende-lo desenvolvemento urbanístico a través do que podemos chamar: "apuntes para un urbanismo ecolóxico" ou pequenas melloras que dentro do noso concello, con boa vontade, poden levar a conseguir un entorno máis humano cara a unha auténtica calidade de vida.

"Apuntes para un urbanismo ecolóxico"

Cidades verdes

* Incremento de zonas verdes:

crear máis parques, intercalar pequenos xardíns entre os edificios, mesmo nas beirarrúas, zonas de recreo con bancos e asentos.

* Árbores: ata hai pouco foron elemento habitual en toda vila e tristemente están a desaparecer. Enche-la rúas, prazas, o colexio... de todo tipo de árbores autóctonas creando case un xardín botánico con explicación sobre das mesmas, onde se atopan...

Urbanizar con xeito

* Subvencións para o edificio ecolóxico: potencia-la construcción de edificios sen moitos pisos, con moita luz, ben illados termicamente, nos que se potencien as enerxías alternativas (solar, eólica...), o aforro enerxético, cun entorno agradable, sen rachar coa arquitectura tradicional empregando materiais do país.

* Casco antigo: peatonalización da zona máis vella, o núcleo do pobo devolvámosllo a quen sempre o tivo, para pasear e falar, para relacionarnos. Facer beirarrúas máis grandes. Protexe-los edificios que polo seu interese ou antigüidade mereza a pena conservar recordando cómo foi o noso pobo dende hai moitos anos, evitando esa perda da memoria cultural e histórica dun pobo como son as vellas rúas, prazas, casas... Facer un control rigoroso e prohibi-la aparición de elementos alleos ou que desentoan dentro do centro urbano (toldos, anuncios luminosos *horteras*, casas coloreadas). Recuperémo-los vellos nomes das rúas ou busquemos novos nomes con connotacións humanas ou ecolóxicas (rúa da rula, do carballo, da paz...).

* Unha maior preocupación: ante os numerosos atentados urbanísticos e paisaxísticos que na zona rural se producen, potenciando asemade ese mesmo urbanismo ecolóxico do que antes falamos tamén na zona rural.

Transportes máis limpos

* Potenciación dos transportes

colectivos: tentar buscar melloras na comunicación a través de buses cos distintos concellos e cidades, mellores transportes entre as distintas aldeas do concello.

* Fomento do emprego da bicicleta: a través de campañas de incentivación, dota-lo concello de espacios para poder andar en bici, subvenciona-la compra de bicis por estudiantes... enfoca-la bici coma un elemento de transporte económico, ecolóxico, san e solidario.

* Redución da velocidade: nas

estradas locais, preto das aldeas e nas vías que atravesen o pobo ó seu paso polo mesmo.

Controla-la contaminación

* Investir na depuración dos residuos e limpeza dos ríos así como mellora-lo entorno ambiental.

* Control de todo tipo de contaminación, especialmente da acústica, lixo, polución...

* Proxectos de reciclaxe do lixo a través da promoción de cooperativas, campañas de información sobre a selección en orixe do lixo.

... e moitas máis cousas

* Campañas de educación ambiental en tódolos estratos sociais, nos centros educativos, cooperativas, empresas, institucións...

* Defensa do patrimonio artístico, catalogación, información sobre do mesmo, creación dun pequeno museo do pobo organizando roteiros ecolóxico culturais polo concello, fomentando un turismo rural e ambiental non agresivo.

* Potencia-la aparición de movementos ecoloxistas de barrio, pequenas células sociais, moi vivas que en todo momento estean a defende-lo que é seu, dos seus fillos, algo que ninguén no nome do progreso e do ruído ten dereito a roubarlle como é o seu entorno vital, parte da súa identidade coma pobo, do seu futuro coma pobo.

E moitas, moitas máis cousas nas que todos temos unha responsabilidade nesta loita pola que paga a pena loitar, porque os nosos concellos, as nosas vilas e cidades meréceno. ¡¡ Loitemos!!

Anxo Moure Mosquera
XEVALE,... vale, vale.

(Feito en papel ecolóxico para evitar que os concellos sexan vasureiros públicos).

Xosé Chao Rego

Non ós sacrificios humanos (Xén 22)

[1]Despois destes feitos, Deus puxo á proba a Abraham, chamándoo. [2]Deus mandoulle: "Colle o teu fillo, o único que tes e que tanto queres, Isaac, e vaite ó país de Moriah. Alí ofrecerasmo en sacrificio, no cimo das montañas que eu che mostrarei" (1).

Velaquí un relato desconcertante: Deus regálalle ó ancián Abraham un fillo coma premio á súa fe, e agora, ese agasallo, convértese en "tentación": proba de fe (2).

[3]Abraham erguese cedo, aparellou o burro e tomou consigo dous criados e mailo seu fillo Isaac. Coa leña cortada para o sacrificio, púxose ó camiño en dirección do lugar que Deus lle indicara. [4]Ó terceiro día Abraham ergueu os ollos e viu o sitio desde lonxe. [5]Abraham díxolles ós criados: "Esperade aquí co burro. Eu e o rapaz chegarémonos ata alá. Adoraremos e de seguida voltaremos onda vós" (3).

O alonxamento dos criados fai medra-la intimidade e tamén crece a tensión narrativa. Deus exprésalle ó patriarca a proba de se está disposto a lle devolver nada menos có don da promesa.

[6]Abraham colleu a leña do sacrificio e púxolla a Isaac, seu fillo, ás costas. Tomou na man o lume e o coitelo, e camiñaban os dous xuntos. [7]Isaac díxolle: "¡Meu pai!" El respondeu: "¿Que queres, fillo?" O rapaz dixo: "Levamos lume e leña. Pero, ¿onde está o año para o sacrificio?" [8]Abraham respondeulle: "Meu fillo, o año Deus o proveerá". E camiñaban os dous xuntos.

Magnificamente construído desde o punto de vista literario e psicolóxico, no relato conmove a tenrura e inocencia de Isaac e a dorosa obediencia de Abraham.

[9]Chegados ó lugar que Deus dixera, Abraham construíu un altar, puxo enriba del a leña, atou o seu fillo Isaac e deitouno no altar, por enriba da leña. [10]Despois tendeu a man e agarrou o coitelo para sacrifica-lo seu fillo. [11]Mais o anxo do Señor chamou desde o ceo (...) [12]O anxo dixo: "Non poña-la man no rapaz nin lle fagas mal ningún. Agora dei comprobado que tes temor de Deus, pois non me negáche-lo teu fillo, o único que tes".

Israel debeu verse personificado neste relato: ese pobo non tiña máis fundamento ca Iavé. ¿Sería Israel capaz de se poñer enteiramente á disposición do seu Deus?

[13]Abraham ergueu os ollos e viu un carneiro atrapado nunha silveira polos cornos. Botou man del e ofreceuno en sacrificio, no posto do seu fillo. [14]Abraham púxolle ó lugar o nome de Moriah (4).

A liturxia e mailos Santos Padres aproveitaron este relato para simbolizar a Xesús Cristo, o Año de Deus. Perigoso resulta, sen embargo, pensar que Deus Pai esixiu coma rescate a morte do seu Fillo. A teoloxía sacrificial ten varios inconvenientes. Mellor será pensar en Xesús coma Año pascual que trae liberación, pero non coma "redención" no sentido de rescate. Por iso, e a pesar de que a intención directa non é esa, nós titulamos ese relato coma un "non ós sacrificios humanos".

[15]O anxo do Señor chamou a Abraham outra vez desde o ceo: [16]Xúroche por min mesmo que por faceres isto e non me negáre-lo teu fillo, o único que tês, [17]bendireite e farei crecer os teus descendentes coma as estrelas do ceo e as areas do mar. Os teus descendentes herdarán as cidades dos inimigos.

1. No santuario cananeo de Beerxeba, que corresponde ás tradicións do patriarca Isaac, había unha lenda cúltica na que se dicía que un personaxe que tiña que sacrificar ó seu fillo, lexitimou o rescate do neno que lle pedía a divindade local mediante o troco por un animal. Este relato tivo existencia propia durante moito tempo, ata que foi incorporado aquí e atribuído a Abraham e Isaac cando, mediante o artificio de misturalas diversas tradicións dos patriarcas, se elaborou unha xenealoxía na que Abraham se converteu en "pas" de Isaac.

2. Discútese ata que punto estivo en vigor o costume cananeo de sacrificar víctimas humanas ó deus Moloc, no val de Hinnon, e nas aforas de Xerusalén. Da palabra Hinnon procede "Xehenna", lugar desprezable porque alí había lume constante para queimar o lixo ou vasura da cidade.

3. Os profetas, no século VII, aínda berraban contra este cruel costume. Pero o significado aquí non é tanto o refugo dos sacrificios humanos coma a obediencia radical de Abraham a Deus. Hai que se fixar tamén en Isaac, fillo da promesa. ¡Desconcertante Deus!

4. Hai quen quer identificar Moriah co monte Sión, no que foi edificado o templo de Xerusalén. Coñecido é o empeño de lle atribuír á cidade de David tradicións anteriores.

Novas formas e novos valores na educación familiar

Algunhas persoas amigas, sobre todo pais e profesores de nenos e adolescentes, tanto de aldeas coma de cidades, ténenme manifestado con certa anguria as súas incertezas acerca do futuro da integración social e adquisición de criterios de conducta dos seus rapaces e rapazas. ¿Caerán nas destructoras redes da droga? ¿Serán profesionais competentes e honestos? ¿Serán uns perdidos?

A maioría dos estudios que se fixeron acerca destas importantes cuestións limítanse a contar cantos drogadictos hai ou cantos actos delictivos se cometeron nun territorio, nun período de tempo, clasificados por idade, sexo, clase social,... pero poucos tratan de averiguar os porqués, o mecanismo ou a causa pola que unha persoa se engancha na droga, atraca a vellos polas noites...

Creba das formas tradicionais de control

A pouco que nos paremos a pensar e recordar, dámonos conta dos cambios na maneira de vivir en sociedade e de educar que se produciron nos últimos 20 ou 30 anos. Entre nós, hai anos, a maioría das persoas vivían case toda a vida no mesmo lugar e na mesma casa, traballando polo mesmo oficio, normalmente aprendido na familia ou con persoas coñecidas; a información importante era transmitida de vellos a novos, os que mandaban eran os propietarios das terras,...

No día de hoxe, en cambio, a información chéganos a todos por igual a través dos medios de comunicación, os fillos desempeñan traballos e cobran salarios sen depender de seus pais,... mesmo son os fillos os que lles ensinan ós pais, por exemplo, a manexar novos aparatos; cámbiase varias veces de profesión, de lugar de residencia e mesmo de familia ó longo da vida,... Todo é máis cambiante. Na época actual, nas sociedades modernas desaparece a presión ou control das conductas e opinións por parte do grupo de veciños e vívese a liberdade individual de comportamento como algo moi valioso.

Nun clima afectivo e de liberdade, os pais poden facer moito para que os nenos medren con seguranza en si mesmos.

¿Perderon, logo, os pais toda influencia moral nos seus fillos? Cambiaron certas formas na educación igual que cambiaron formas no trato social ou nos costumes do vestido. Por exemplo, hoxe non están ben vistas entre nós as maneiras autoritarias, os castigos físicos, a obediencia cega. Escóitase ós nenos, dánselles explicacións, os mozos teñen certa participación no goberno dos centros de ensino...

É posible unha educación dos valores na familia

Nos tempos que corren, caracterizados pola liberdade individual fronte ó control do grupo, é absurda unha educación moral baseada no cumprimento de normas gardado por adultos ou policías. O fin que hai que propoñer é que os individuos vaian construíndo a súa propia escala de valores e de criterios. Isto leva o seu tempo, ten as súas etapas e require unhas condicións.

Esta autonomía moral pódese alcanzar cando un chega a adulto se tivo a oportunidade de ila ensaiando progresivamente en situacións anteriores. No comenzo deste camiño, para un neno pequeno, o que o adulto manda é bo e o que o adulto prohibe é malo; a norma exterior é para o neno a única fonte de criterio moral.

Máis adiante o neno identifícase con modelos ós que quere imitar; é nos primeiros anos da mocidade cando constrúe un sistema coherente de valores que han de rexe-la súa conducta respecto á verdade, a vida, a saúde, o traballo, a orde social,... Sería moi bo que os pais e educadores caesen na conta do papel tan importante que xogan coma modelos de referencia e coma facilitadores da elaboración deses criterios, elaboración que non se impón pola forza, senón que se elabora na reflexión, na valoración, na interacción social.

Nas actuais circunstancias parece moi importante que os nenos constrúan unha personalidade forte, con criterios propios, máis que afacerse a obedecer cegamente, que é máis unha tentación ca unha virtude.

O labor dos pais

Os pais coas súas actitudes poden contribuír grandemente a esta educación, axudando a desenvolve-la autoseguridade dos nenos, motivando unha actitude positiva diante da vida, axudando a desenvolve-la capacidade de ter en conta as necesidades dos demais, a capacidade de solucionar e superar conflictos...

Considero que vale a pena esforzarse por supera-la violencia coma forma de resolver conflictos, instaura-la tolerancia e o diálogo coma forma básica das relacións sociais, acabar coa escandalosa desigualdade no reparto da riqueza de persoas e pobos, acabar co derroche e o despilfarro...

Aínda que os medios de comunicación, as escolas e os grupos de iguais teñan moita influencia na formación das persoas, parece claro o peso das familias en todos estes aspectos da educación moral.

Lois Ferradás

Da lei e da conciencia

O outro día, o ministro de Xustiza criticaba unha sentencia na que se absolvía a un insumiso aplicando a doutrina da conciencia por causas excepcionais. O señor de la Quadra-Salcedo dixo que esta absolución supoñía "que la conciencia está por encima de la ley", e engadiu que, nese caso, poderiamos estar xustificando os asasinatos terroristas de nenos, porque a ética destes terroristas e as súas loitas reivindicativas poderían superpoñerse ás leis.

Deixando á parte a desafortunada comparación suxerida polo señor ministro, ó meu ver deliberadamente feita para impresionar e poñer da súa parte a unha sociedade moi sensibilizada polo problema de E.T.A., as declaracións de Tomás de la Quadra non deixaron de me sorprender.

Eu sempre pensara que a conciencia estaba por riba da lei e que, polo tanto, cando ámbalas dúas resultaban incompatibles, o que se debía cambiar era a lei e non a moral. Reafirmeime nesta opinión cando, nunha das conferencias do "Curso de achegamento ó Terceiro Mundo" organizado por "Estudiantes Solidarios", o secretario xeral da Comisión Española de Axuda ó Refuxiado Juan José Rodríguez Ugarte, explicou que no apartado 1.1. da Constitución se sinalan os valores que inspiran toda a Carta Magna.

Di ese artigo: "España constitúese nun Estado social e democrático de Dereito, que propugna coma valores superiores do seu ordenamento xurídico a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político". Paréceme que deste artigo se pode deducir que son os valores os que deben inspira-las leis e prevalecer sobre elas.

Para rematar, e xa que mencionei unhas liñas máis arriba a Rodríguez Ugarte, quero destacar outra das afirmacións que el fixo durante a súa conferencia: sinalou que a democracia está en crise e que unha das manifestacións desa crise é o intento, por parte do poder executivo (o goberno), de controlalo todo e, así, reducir moito o traballo dos xuíces (poder xudicial) e do parlamento (poder lexislativo).

Preğúntome se o señor ministro non se estaría saíndo do seu terreo ó facer aquelas declaracións, e afirmo que a Lei Corcuera segue o mesmo camiño ó deixar de lado ós xuíces e controlalo todo desde o goberno e a policía, *pasando* das garantías constitucionais.

Beatriz García Turnes

O CARRABOUXO por XOSÉ LOIS

Xesús Ferro Ruibal Xosé Chao Rego

A lingua, espello do pobo

A lingua, en por si, xa transmite información sobre nós, antes de que nós transmitamos algo con ela. É coma a nosa letra. A letra vale para transmitir mensaxes pero a feitura da letra revélalle a un grafólogo outras informacións, datos do noso carácter, por veces incluso íntimos.

Cando os romanos falaban de casamento, se se referían a que casara unha muller, dicían *nubere* "cubrirse, velarse", porque a muller casaba cuberta cun pano da cor do lume. Pero, se miraban o casoiro do lado do home, dicían *uxorem ducere* "leva-la muller", porque, trala festa da voda, á noitiña el levaba a muller da casa dos pais dela para a casa onde ían vivir.

No galego, en cambio, dicimos *casar*, porque, para nós no casoiro o importante é a casa na que mozo e moza van iniciar unha vida nova e independente: *o casado casa quere*. Como ves, a ligua dá informacións moi precisas sobre o ser dun pobo.

Di o romance galego que don Gaiferos de Mormaltán tiña ollos *verdes coma a auga do mar*. Esta comparanza só a pode inventar un pobo que viva ó pé do Atlántico no que, como sabes, a auga tira a verde. ¿Nunca reparaches, en cambio, en que a auga do Mediterráneo tira a azul? ¿Nunca reparaches que a expresión *azul marino* non lle acae ó noso mar? Os antigos facían o azul marino con lapislázuli, que viña do Mediterráneo oriental. De feito os antigos romanos dicían *ollos verdes coma a herba*. Na lingua dun pobo está a paisaxe dese pobo.

Para dicir que un traballo é innecesario e, polo tanto, inútil, os antigos gregos dicían *levar curuxas a Atenas* (porque en Atenas había tantas curuxas que a curuxa volveuse o símbolo da cidade); e os ingleses din *levar carbón a Newcastle* (rexión carbonífera) e s rusos din *levar samovares a Tula* (cidade que fabrica as teteiras chamadas samovar). Ben, pois en galego dicimos *botar auga no mar* ou *chover sobre mollado*, porque en Galicia o que hai é mar e chuvia.

¿Ves? A lingua, antes de que nós a usemos, xa reflexa a paisaxe. ¿Por que, se non, dicimos nós *saír dun souto e meterse noutro* e non dicimos **saír dun labirinto* ou **saír dun palmeiral*? ¿Por que dicimos *dereito coma un pino* e *torto coma unha cañota*?

A lingua reflexa a paisaxe.

Para o ministro Solchaga -"para eles o sol para nós as chagas"- *Galicia ten o futuro relativamente asegurado*. Non mentou a compañía de seguros que ten o valor de asumir semellante risco. O falar non ten cancelas. Os datos son outra cousa.
Mentres Astano esmorece, Bazán recúa, Eminesa cae, os labregos pechan,... Europa engólenos.
Por iso que preferimos un futuro simple. Non un futuro relativo.
E polo que poida ser asegurado por nós mesmos.

O CANTAR DO IRIMEGO

Quen esta "copla de cego"
siga lendo ata a fin
ós seus pés atopará
ó boneco *Pelegrín*.

Este orelludo rapaz
que algús discuten tanto
é a mascota que anuncia
o próximo Ano Santo.

Haberá alguén que diga,
tamén pola súa banda
por que a revista lle fai
ó Pelegrín propaganda.

O mellor é ser sinceros
e que axiña se aluda
ó motivo: pró camiño
Irimia precisa axuda.

Aquí non remata todo
e afirmamos con ledicia
que o Ano Santo ha ser
gran ocasión pra Galicia.

Santiago de Compostela
é en Europa coñecida
e a capital de Galicia
cada día ten máis vida.

Sei que a cuestión relixiosa
é distinta á secular,
e que iso do Xubileo
algo se ha purificar.

Desexamos dea froito
ese ano 93
prá Galicia e prá Igrexa
desde a cabeza ata os pés.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERIA DE RELACIONS INSTITUCIONAIS E PORTAVOZ DO GOBERNO